

Estimadas familias!

Con moita ilusión, a finais do curso pasado iniciamos unha nova andaina asumindo a directiva da ANPA do CEIP Plurilingüe de Ribadavia.

Temos moitos proxectos en mente, pero sempre con un obxectivo común:

formar parte activa da comunidade educativa do centro, buscando sempre sumar aportacións e iniciativas co fin de mellorar e dinamizar a actividade do centro.

Por este motivo, PRECISAMOS DA VOSA COLABORACIÓN, PORQUE [XUNT@S](#) SUMAMOS. Pedimos unha cota de 20€ por familia, para o curso escolar 2022/2023. Este diñeiro, permitiranos afrontar os gastos propios da asociación (seguros, gastos de xestión, etc.) Pero algo aínda mais importante é, que para poder crecer como ANPA e optar a diversas subvencións que nos permitan ofrecer actividades e proxectos para todas e todos, PRECISAMOS FAMILIAS, e alcanzar un número mínimo de familias asociadas.

Estamos convencidas de que todas e todos compartides a nosa mesma ilusión! Así que, abrimos **PRAZO PARA FACERSE FAMILIA SOCIA DA ANPA ATA O 30 DE NOVIEMBRE DE 2022.**

A partir desta data, realizaremos unha reunión con todas as familias para escoitar as vosas aportacións e para contarvos en qué estamos traballando neste curso 2022/2023.

Tamén faremos balance do traballo iniciado a finais do pasado curso:

- Compromiso alcanzado co equipo directivo para a NON circulación de coches dentro do recinto durante o horario escolar.
- Realizouse a festa de fin de curso grazas ás nais voluntarias que colaboraron ca anpa.
- Actuación de Paco Nogueiras.
- Estar en permanente contacto co equipo directivo co fin de realizar colaboracións e crear sinerxias que favorezan sempre á comunidade.

Aproveitamos tamén para mandarvos un recordatorio da actividade que temos este Xoves 17 de novembro, para as familias e tamén para a cativada! En colaboración ca fapa, a prol da Igualdade!

Un saúdo!

A xunta directiva:

(poñer os nomes de todas para que nos poñan cara ou non???)

FICHA DE INSCRICIÓN ANPA CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA CURSO 2022/2023

**A COTA DA ANPA PARA O CURSO 2022/2023 É DE 20€ POR FAMILIA,
A INGRESAR NO SEGUINTE N.º DE CONTA: ES79 2080 5332 8230 4006 0820 (ABANCA)**

O Xustificante bancario pode enviarse ben por correo electrónico xunto con esta ficha debidamente cuberta: anpaceipribadavia1@gmail.com, ou ben se pode deixar no buzón da anpa habilitado no centro, como última opción, os nenos e nenas poden entregalo ás titoras.

NAI – PAI - TIROR/A LEGAL (1)	
Nome	DNI
Correo e:	Tlf.
Enderezo:	
NAI – PAI - TIROR/A LEGAL (2)	
Nome	DNI
Correo e:	Tlf.
Enderezo:	
DATOS DOS FILLOS E/OU FILLAS	
Nome e Apelidos:	Curso:
Nome e Apelidos:	Curso:
Nome e Apelidos:	Curso:
Nome e Apelidos:	Curso:

- AUTORIZO a que se remitan correos informativos relacionados cas actividades da ANPA.
- AUTORIZO á realización de fotos a toda a unidade familiar, nas actividades organizadas pola ANPA para a súa difusión a través das canles oficiais da ANPA.

Ribadavia, a ___ de Novembro de 2022 (Asinar nai e pai e/ou titor/es legais)

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de Protección de datos de carácter persoal" infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán tratados en ficheiros automatizados responsabilidade da ANPA do CEIP Plurilingüe Ribadavia, para a xestión de usuarios con acceso ós ficheiros con datos de carácter persoal.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na citada Lei, adxuntando unha copia do seu DNI.

No caso de producirse algunha modificación dos seus datos rogamos que o comunique debidamente coa finalidade de manter os seus datos actualizados, todo elo, en virtude da Lei Orgánica 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal.